



Colección
Bierzo Tradicional

Aparece o 1º libro desta colección de BIERZO TRADICIONAL, un estudo sobre "Os Xigantes de Vilafranca". Este libro vén a ser como unha primeira celebración dos 150 anos de antigüidade dos xigantes máis vellos da comarca que hoxe bailan nas festas patronais desta vila. Describe a súa historia que se converte á par na historia da propia Vilafranca, capital turística, histórica e cultural do Bierzo; capital, tamén, do galego na comarca debido a que conserva unha máis que notable e rica cultura inmaterial que non sempre se ten presente: un espléndido patrimonio de costumes entre as que cabe citar a propia "fala". O seu título "PALILLOS DE MADEIRA" fai referencia precisamente á copla popular que se canta en galego e que, xunto a melodía interpretada polos gaiteiros do país, son consideradas un Himno por moitos bercianos como proba unha versión da mesma gravada polo coñecido cantautor, Amancio Prada, no seu LP Leliadoura co significativo nome de "Bergidum".



I.S.B.N.: 978-84-614-5993-3



Palillos de Madeira Os Xigantes de Vilafranca do Bierzo Héctor M. Silveiro Fernández

Palillos de Madeira

Os Xigantes de Vilafranca do Bierzo

Héctor M. Silveiro Fernández



PRÓLOGO

Ai meu Deus!, que por mor da Santa Coca perdín o demo da misa
En Redondela, única vila que conserva xuntos ata a actualidade a Coca e mais os Xigantes que antano acompañaban as procesións do Corpus por toda a xeografía galega, a tradición popular pon en boca dun veciño da localidade o irreverente lamento que encabeza estas liñas.

Aínda no século XIX as figuras de cortexo eran percibidas polas xentes de Galicia como sagradas e unidas indisolublemente á festa relixiosa, e así debeu ser por todas as partes nos seus comezos. Símbolos do mal (a Coca) e das criaturas sometidas ao poder de Cristo (os Xigantóns), ambas deviñeron en figuras profanas pero, pola súa orixe relixiosa, nunca perderon o respecto do pobo, o que pode ser unha das razóns que axude a explicar a súa subsistencia e popularidade.

A historia dos xigantes e cabezudos interésalles tanto aos etnógrafos estudosos das festas e das tradicións populares, como aos historiadores das festividades relixiosas e especialmente das procesións do Corpus Christi nas que tiveron a súa orixe. Os xigantóns, ou cocos, mómaros, almazonas, pampórnigas, calantornias..., que de todas esas maneiras se lles denomina en Galicia, son tamén, na maior parte dos casos, símbolos e referentes festivos das comunidades que os sacan ás rúas, de maneira que o seu estudo é importante para a historia das mentalidades, e as súas vicisitudes ao longo dos séculos reflicten en boa medida os vaivéns políticos e económicos das localidades nas que saían.

A área galego-portuguesa, incluíndo nela o norte de Portugal e mais as zonas de Asturias, León e Zamora de lingua e cultura galegas, resultou ser un dos grandes centros europeos en que perduran os xigantes procesionais, só por detrás, en número de exemplares, da zona catalano-aragonesa e da flamengo-valona. Máis de medio centenar de localidades sacan na actualidade xigantes e cabezudos nas súas festas, e en cuanto aos xigantes históricos temos noticias deles en numerosas vilas e cidades cando menos desde principios do século XVII.

No son moitos, así e todo, os estudos que se lles dedicaron, e a maioría, publicados en programas de festas ou en historias locais, non superan o enfoque localista, ignoran-

do as súas orixes e a extensión do fenómeno en Europa e no mundo, e caendo en xeral no particularismo que considera pouco menos ca único cada trazo dos festexos e que os explica todos conforme a lendas e a tradicións locais.

É por iso un pracer atopar un traballo como o que agora prologo, no que se aborda o estudo duns xigantes locais desde unha perspectiva global, tendo en conta os seus paralelos pero indagando con rigor na documentación da localidade para desentrañar a súa orixe e o seu significado.

Ao longo das páxinas que seguen, Héctor M. Silveiro desenvolve unha documentada historia -e incluso unha prehistoria- dos xigantes de cortexo no mundo, así como do seu significado e simbolismo. Ata aí, con todo, nada novo, aínda que tal enfoque sexa ben pouco frecuente. O orixinal é o traballo de investigación na documentación da Confraría do Cristo da Esperanza, propietaria dos xigantóns, na prensa local do século XIX, nos documentos do concello e nas fontes orais.

O resultado é un libro no que a historia dos xigantes de Vilafranca se converte na historia da vila mesma. Comezando polas orixes das procesións do Corpus en Europa e na localidade, e continuando coas prohibicións ilustradas de Carlos III, o relato intérnase nos albores das festas do Cristo, na súa evolución, no parón da II República e da Guerra Civil e na súa lenta recuperación nos anos finais do franquismo, chegando ata a actualidade.


Non esquece o autor o aspecto musical da festa, especialmente importante nun lugar onde a música dos xigantes chegou a ser un himno local que identifica os seus habitantes, únicos coñecedores da música e da letra, nin tampouco o dos personaxes da vila dos que perdura a súa memoria por ter bailado os xigantóns, telos restaurado e conservado.

Todo isto, sen dúbida, fará rememorar vellos tempos a aqueles vilafranquinos que, pola súa idade, lembren as festas dos seus anos mozos, aínda que a historia, sen esquecer as anécdotas locais, se elaborou sen perder nunca de vista a existencia de múltiples paralelos en Galicia e no resto de España.

É certo que Héctor Silveiro non foi quen de establecer de modo fidedigno a data de aparición dos primeiros xigantes da vila, e do mesmo modo resulta por agora imposible fixar exactamente o autor e a cronoloxía da peza musical que nas últimas décadas os acompaña, pero como el mesmo reconece, e todos os que nos dedicamos ao estudo dos xigantes sabemos, iso mantén o misterio, e resulta sempre moi difícil no caso dunhas figuras que só nos últimos anos obtiveron recoñecemento por parte dos estudosos das festas e das tradicións populares e que, polo tanto, deixaron poucas pegadas na documentación e na prensa dos dous últimos séculos.

Afortunadamente, hoxe a apreciación destes personaxes festivos mudou. Antes, aínda que nunca deixara de percibirse completamente o rumor de significación das súas figuras, chegaron a considerarse algo vulgar e antiestético, e mesmo se pretendeu eliminalos. Así e todo, nas últimas décadas atraeron con motivo a atención tanto dos etnógrafos coma dos historiadores e dos propios xiganteiros, e volven vivir unha nova época de esplendor.

Faltan aínda moitos traballos de investigación que recuperen a súa historia nas moitas localidades galegas nas que aínda perduran ou existiron, e libros coma este deberían de contribuír, polo menos así o espero, a fomentar os estudos locais sobre a súa historia.



Julio I. González Montañés

Delegado do CIAG (Círculo Internacional de Amigos de los Gigantes) en Galicia, é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutor en Historia da Arte coa tese titulada "Drama e iconografía en el arte medieval peninsular (siglos XI-XV)". Profesor de Ensino Secundario, orientou a súa investigación cara ao estudo do teatro galego medieval e renacentista, os espectáculos, e as relacións entre o teatro e as artes plásticas.